



## ACREDITACIÓN DOS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN FRANCÉS. (BACHARELATO)

O alumnado que solicite a dirección do centro cambio de modalidade en calquera dos dous cursos de bacharelato, ou o que solicite incorporarse a materia de 2º lingua estranxeira francés sen tela cursado en 1º Bacharelato:

1.- indicará os seus coñecementos de francés e presentará, de ser o caso, certificados que indiquen o seu nivel de partida (ESO, Alianza Francesa, DELF/DALF) ou similar se os tivera,  
2.- efectuará “exame de nivel” (comprensión oral e escrita e expresión escrita) antes do comezo das actividades lectivas do curso, presentándose ao exame de acreditación en setembro.

Este exame consistirá nun exame único cualificado sobre 10 puntos. Terá preguntas relativas a expresión escrita –que inclúe os contidos sintáctico-discursivos do curso (7 puntos) , así como probas de comprensión escrita (1,5 puntos) e comprensión oral (1,5 puntos). (Non existirán preguntas específicas de expresión oral debido a imposibilidade de realización en tan corto prazo)

Darase a materia por superada cando se acade un 5/10 como nota mínima.

### CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

- *A comparación*
- *As preposicións con nomes xeográficos*
- *Os pronomes persoais COI*
- *O pronome Y*
- *A posición dos pronomes complementos.*
- *Os verbos en -ger et -cer.*
- *A formación do plural.*
- *Os adxectivos de cor, os adxectivos beau, nouveau, vieux.*
- *Conxugación: présent, imparfait, passé composé, futur, conditionnel présent.*
- *Os pronomes relativos qui et que.*
- *Os verbos connaître, vendre, écrire et mettre.*
- *Os artigos: particularidades.*
- *Os pronomes interrogativos variables: lequel.*
- *Os pronomes demostrativos.*
- *A pregunta con inversión.*